

<b>Circular: 17/2004</b>	<b>Data: 3/6/2004</b>
--------------------------	-----------------------

**Asunto:** Regulación do período de formación especializada mediante residencia (médicos internos residentes e matronas) de acordo co establecido no Estatuto Marco.

**Orixe:** División de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde.

**Ámbito:** División de Asistencia Sanitaria e Direccións Provinciais do Servicio Galego de Saúde, Xerencias de Atención Primaria e dos hospitais do Sergas.

PERÍODO DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA MEDIANTE RESIDENCIA  
(MÉDICOS INTERNOS RESIDENTES E MATRONAS) DE ACORDO CO  
ESTABLECIDO NO ESTATUTO MARCO.

Próximo a comezar o período de formación especializada mediante residencia (médicos internos residentes e matronas), e tendo en conta que se viñan utilizando distintas solucións cando os interesados tiñan praza en propiedade no Sergas ou cando desenvolvían unha praza con carácter temporal (permiso sen soldo, situación especial en activo...), a División de Recursos Humanos, co fin de homoxeneizar a actuación das Direccións Provinciais e adaptala ao establecido no Estatuto Marco, vén a dictar as seguintes

CIRCULAR 17/04

## INSTRUCCIÓN S:

**Primeira.-** O artigo 64 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (Lei 55/2003, do 16 de decembro) establece que o persoal estatutario será declarado na situación de servizos especiais: "...cando acceda á praza de formación sanitaria especializada mediante residencia".

De acordo co anterior, o persoal que inicie o seu período de formación especializada, será declarado pola respectiva Dirección Provincial na situación administrativa de servizos especiais, e isto con independencia de se teñen a condición de persoal estatutario en propiedade ou se exercen unha praza con carácter temporal.

**Segunda.-** Así mesmo, o citado artigo 64 do Estatuto Marco establece que quen se atope en dita situación "terá dereito ao cómputo do tempo a efectos de antigüidade e carreira, no seu caso, ao percibo de trienios e a reserva da praza de orixe".

De acordo co anterior, o persoal con praza en propiedade no Sergas, percibirá os trienios que teña consolidados polo centro no que teña a praza en propiedade, que deberá serlle reservada.

Polo que se refire ao persoal temporal, na resolución que dicte a Dirección Provincial, farase constar que o interesado ten reserva da praza que desempeña temporalmente en tanto a praza non se amortice ou sexa cuberta polos procedementos regulamentarios.

**Terceira.-** A resolución pola que se declare a situación de servizos especiais será dictada a instancia de parte, polo que os interesados deberán dirixirse á respectiva Dirección Provincial aos efectos oportunos.

CIRCULAR 17/04

**Cuarta.-** Da resolución que se dicte remitiranse dous exemplares ao centro de orixe, para os efectos da súa entrega ó interesado e a súa constancia no seu expediente persoal.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2004

**O DIRECTOR XERAL  
DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS  
DO SERVICIO GALEGO DE SAÚDE**

Asdo.: José Ignacio Lema Piñeiro.

**CIRCULAR 17/04**